Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ACTA DOS ACORDOS
DO PLENO DA CORPORACIÓN

NÚMERO ACTA: **2025/10**
TIPO DE SESIÓN: **EXTRAORDINARIA E URXENTE**
DATA: **Martes, 16 de setembro de 2025**
LUGAR DE CELEBRACIÓN: **Salón de Plenos do Concello de Lousame**
HORA DE COMEZO: **19:01**
HORA DE REMATE: **19:15**

No día de hoxe, á hora indicada, baixo a presidencia da Alcaldía, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da Secretaria-Interventora, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, ***sesión 2025/10 – Extraordinaria e Urxente*****,** do Pleno da Corporación

PRESIDE:
MARÍA TERESA VILLAVERDE PAIS (PP), ao inicio da sesión.
ESTEBAN ARES GARCÍA (PP), a partir do momento indicado na Acta.

ASISTEN:
PP
ESTEBAN ARES GARCÍA
SILVIA AGRAFOJO FILGUEIRA
RAMÓN MANUEL MARTINEZ RIAL
MARIEL AGRAFOJO NIETO
JOSÉ ANTONIO CES BARREIRO

PSdG-PSOE
JUAN JOSÉ PREGO CES
IRIA INSUA GONZÁLEZ
CRISTIAN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
BEGOÑA MAROÑAS MAROÑAS

GRUPO MIXTO (BNG)
ANXO MOLEDO CARREÑO

AUSENCIAS:
Ningunha

SECRETARIO/A-INTERVENTOR/A:
PAULA ARES OTERO

Unha vez verificada a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima do terzo do número legal dos seus membros, así como a presenza da Alcaldía e da Secretaría (ou de quen legalmente os substitúa), a Presidencia abre a sesión.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 17/09/2025 09:35:00) , Esteban Ares García (FECHA: 17/09/2025 10:35:00)
Versión imprimible
CVD: 0wOpq7Mkb0TAe+s9t5vG Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ORDE DO DÍA:

1.- Ratificación, se procede, da urxencia da sesión
2.- Dación de conta do escrito de renuncia ao cargo de Alcaldesa presentado por dona Mª Teresa Villaverde Pais e toma de coñecemento polo Pleno Corporativo.
3.- Dación de conta do informe da Secretaría-Intervención, relativo aos efectos da renuncia e o procedemento a seguir para a cobertura da Alcaldía que queda vacante.

DELIBERACIÓNS:

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número **2025/G010/000010** e identificado pola pegada dixital:

698f07817ec7c55d7d380ed41f7352644e6e395648ad0f49ab6d0797838fc713

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

https://concellodelousame.gal/index.php/gl/concello/plenos

1.- RATIFICACION, SE PROCEDE, DA URXENCIA DA SESIÓN.

A Alcaldesa da conta da proposta que se somete a aprobación do Pleno Corporativo:

PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

De xeito ordinario as sesións do órganos colexiados deben ser convocadas cunha antelación mínima de dous días hábiles entre a data da convocatoria e o día da celebración da sesión de que se trate.

Non obstante, poderán celebrarse sesións co carácter de urxente, sen respectar esa antelación na convocatoria, cando existan razóns debidamente motivadas de urxencia que así o aconsellen, requiríndose que o pleno do ente local, ratifique esa urxencia da convocatoria e sesión, por maioría simple.

As razóns que motivan a urxencia na convocatoria da sesión son as seguintes:

- **Dación de conta da renuncia ao cargo de Alcaldesa presentada por dona Mª Teresa Villaverde Pais e toma de coñecemento da mesma polo Pleno Corporativo.**

Unha vez presentada a renuncia ao cargo de Alcaldesa, a dita renuncia non é efectiva até que o Pleno Corporativo tome coñecemento da mesma.

Cómpre acelerar o proceso, para que a elección da persoa que ocupe a Alcaldía teña lugar no máis breve prazo posible, e evitar distorsións no funcionamento ordinario do Concello.

Por todos estes antecedentes, esta Alcaldía propón ao Pleno Corporativo de Lousame que RATIFIQUE a urxencia da sesión extraordinaria e urxente convocada para o **martes, día 16 de setembro de 2025, ás 19:00 horas.**

Documento asinado dixitalmente

A Alcaldesa
Mª Teresa Villaverde Pais

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 17/09/2025 09:35:00) , Esteban Ares García (FECHA: 17/09/2025 10:35:00)
Versión imprimible
CVD: 0wOpq7MkbOTAe+s9t5vG Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Finalizada, de ser o caso, a quenda de intervencións, sométese o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo: ratificar a urxencia da sesión extraordinaria e urxente convocada para o martes, día 16 de setembro de 2025, ás 19:00 horas.

2.- DACIÓN DE CONTA DO ESCRITO DE RENUNCIA AO CARGO DE ALCALDESA PRESENTADO POR DONA Mª TERESA VILLAVERDE PAIS E TOMA DE COÑECEMENTO POLO PLENO CORPORATIVO.

A Secretaria da conta do escrito de renuncia ao cargo de Alcaldesa presentado por Dona Mª Teresa Villaverde Pais, o día 12/09/2025, con rexistro de entrada 2025/1481. Procede á súa lectura Dª Mª Teresa Villaverde Pais:

Concello de Lousame
Á atención do Pleno Corporativo

Eu, Mª Teresa Villaverde Pais, con DNI ***1742**, veño ostentando o cargo de Alcaldesa Presidenta do Concello de Lousame tras os resultados das últimas eleccións municipais con data 28 de maio de 2023.

Por motivos estritamente persoais, véxome na necesidade de tomar a decisión nada fácil, pero necesaria, de **PRESENTAR A MIÑA RENUNCIA AO CARGO DE ALCALDESA-PRESIDENTA** desta Corporación Municipal.

Aproveito a ocasión para agradecer á veciñanza de Lousame a confianza depositada na nosa candidatura do PPdG, que unha vez máis resultou ser a máis votada nas pasadas eleccións municipais. Síntome orgullosa de pertencer a este equipo e de haber tido a oportunidade de participar activamente na xestión política da vida municipal xunto ao meu equipo de goberno.

Manifesto, tamén, o meu agradecemento aos diferentes membros da oposición, polo clima de respecto e colaboración, que durante estes anos foi a tónica dominante.

Expreso, igualmente, a miña gratitude a todo o persoal municipal cos que levo traballando 22 anos, pola colaboración e paciencia que me demostraron. Sen a súa axuda, non sería posible ter realizado o meu traballo nestes 14 anos de xestión, exercendo con dedicación e responsabilidade, as funcións de Alcaldesa de Lousame, o meu concello. Con acertos e erros, pero sempre pensando no ben común, traballamos en equipo, dedicando esforzos, creando ilusións e facendo realidade moitos dos proxectos comprometidos cos nosos veciños e veciñas, lexislatura tras lexislatura.

Son moitas as actuación levadas a cabo nestes anos, todas elas grazas ao gran traballo realizado por todos os membros do equipo de goberno, de todos os traballadores e traballadoras públicos e da colaboración atopada nos colectivos locais e da cidadanía en xeral (ASOCIACIÓNS, COMUNIDADES DE MONTES...). Especial mención desexo facer a todo o voluntariado (P. CIVIL, VOLUNTARIADO XUVENIL, SENIOR E ERASMUS) que veñen facendo actividades nos ámbitos social, deportivo, medioambiental e cultural durante estes anos. A todos, quero mandarlles o meu agradecemento máis sincero e o ofrecemento para seguir colaborando en todo no que poida ser útil.

Seguirei, a partir de agora, traballando polo meu pobo, como unha máis, naquelas cuestións que contribúan a seguir avanzando e mellorando como comunidade.

¡GRAZAS, MOITAS GRAZAS, LOUSAME!

En Lousame, a 15 de setembro de 2025.

Mª Teresa Villaverde Pais

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 17/09/2025 09:35:00) , Esteban Ares García (FECHA: 17/09/2025 10:35:00)
Versión imprimible
CVD: 0wOpq7MkbOTAe+s9t5vG Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Á vista do citado escrito, o Concello de Lousame, en Pleno, toma coñecemento do documento de renuncia al cargo de Alcaldía, presentado por dona Mª Teresa Villaverde Pais, que se fai efectiva neste momento.

Neste intre, ao quedar vacante a Alcaldía, pasa a presidir a sesión plenaria, como Alcalde-Presidente en funcións, o Primeiro Tenente de Alcalde, D. Esteban Ares García.

3.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DA SECRETARÍA-INTERVENCIÓN, RELATIVO AOS EFECTOS DA RENUNCIA E O PROCEDEMENTO A SEGUIR PARA A COBERTURA DA ALCALDÍA QUE QUEDA VACANTE

O Alcalde en funcións da conta do informe da Secretaría-Intervención, núm. 161/2025 do día 15/09/2025, relativo aos efectos da renuncia e o procedemento a seguir para a cobertura da Alcaldía que queda vacante.

A Corporación toma coñecemento.

Finalizados os asuntos da Orde do Día, o Alcalde autoriza unha quenda de intervencións para os voceiros dos GPM da oposición; e finalmente para a Alcaldesa saínte.

Finalizadas as intervencións, procédese á entrega dun ramo de flores á Alcaldesa saínte.

DELIBERACIÓNS:

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número **2025/G010/000010** e identificado pola pegada dixital:

698f07817ec7c55d7d380ed41f7352644e6e395648ad0f49ab6d0797838fc713

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

https://concellodelousame.gal/index.php/gl/concello/plenos

E non habendo outros asuntos que tratar, de orde da Alcaldía-Presidencia en funcións rematouse a sesión, á hora indicada no encabezamento; da que se estende a presente acta, que asina comigo a Alcaldía en funcións e da que eu, secretaria, dou fe.

O Alcalde en funcións, Esteban Ares García

A Secretaria, Paula Ares Otero.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 17/09/2025 09:35:00) , Esteban Ares García (FECHA: 17/09/2025 10:35:00)
Versión imprimible
CVD: 0wOpq7Mkb0TAe+s9t5vG Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.